

En Santiago de Compostela, o 2 de agosto de 1999, comparecen

Don Antonio Fraguas Fraguas, de 94 anos de idade, viúvo, de nacionalidade española, con domicilio na rúa Montero Ríos, n.º 36, 4.º A, Santiago de Compostela, que ten plena capacidade para exercer o dereito de fundación.

O Padroado do Museo do Pobo Galego, unha asociación inscrita no Rexistro de Asociacións da Coruña co n.º 351, con domicilio en San Domingos de Bonaval, en Santiago de Compostela, representada por D. Luciano García Alén, presidente da súa Xunta Reitora, que actúa conforme ao acordo aprobado na Asemblea Ordinaria da Asociación do 29 de maio de 1999.

Ambos os comparecentes manifiestan:

CARTA FUNDACIONAL

A existencia dunha institución que recollese e estudase a cultura material e espiritual de Galicia e se convertese nun punto de referencia en que os galegos se recoñecesen e identificasen como pobo foi unha arela de todos cantos, desde primeiros de século, fixeron de Galicia o eixe do seu traballo intelectual, sobre todo da Xeración Nós e dos creadores do Seminario de Estudos Galegos.

Este foi o fundamento da creación, no ano 1976, do Museo do Pobo Galego por parte dun conxunto de entidades e persoas de diferentes posicións ideolóxicas unidas polo seu compromiso con Galicia. Co paso do tempo, novas institucións e persoas xuntáronse a este proxecto e fixeron deste museo a institución que non só representa, senón que simboliza, a idea dun museo nacional galego.

Este papel foi o que lle valeu para que a Xunta de Galicia, incorporada ao Padroado do Museo do Pobo Galego logo da súa creación, o recoñecese como cabeceira simbólica e centro coordinador dos museos e coleccións públicos e privados integrados no sistema galego de museos, dedicados ao estudo, conservación, promoción e difusión do patrimonio histórico-antropolóxico de Galicia, mediante a publicación do Decreto 111/1993, do 22 de maio.

O nacemento e o desenvolvemento do Museo do Pobo Galego enfiase no labor de homes que, coma D. Ramón Otero Pedrayo, D. Xaquín Lorenzo Fernández, D. Xosé Fernando Filgueira Valverde, D. Xesús Taboada Chivite, D. Ramón Martínez López, D. Antonio Rodríguez Fraiz, D. Ramón Piñeiro López ou D. Antonio Fraguas Fraguas, o actual presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego, dedicaron a súa vida ao estudo e á defensa de Galicia.

A figura de D. Antonio Fraguas Fraguas e o seu legado intelectual, moral e material, destinado e orientado ao coñecemento, difusión e desenvolvemento dos trazos e contidos da cultura galega, xustifica e ampara a creación dunha entidade cultural que proxecte, conserve e dinamice o patrimonio material e inmaterial que D. Antonio Fraguas e toda a xeración por el representada crearon e rescataron para a conservación futura da memoria de Galicia.

O dereito de fundación, recollido na lexislación do Estado español e na propia de Galicia, permite o seu exercicio coa finalidade única, neste caso, de dotar dunha canle e dunha vertebración adecuadas o amplo e complexo legado que, por vontade expresa de D. Antonio Fraguas, debe servir para incrementar a investigación, a divulgación e a conservación dos lugares da memoria que configuran a historia e a antropoloxía de Galicia.

Por desexo igualmente expresado de D. Antonio Fraguas, a fundación que aquí se constitúe terá como espazo e referencia singularizadas o Museo do Pobo Galego, legado el mesmo do labor de D. Antonio Fraguas e doutros ilustres patróns deste museo e produto referencial querido por eles para representar, sintetizar e edificar imaxes, sentidos e significados da tradición cultural de Galicia.

Así mesmo, as necesidades de desenvolvemento desta institución e a crecente demanda de participación da sociedade civil e do mundo empresarial no patrocinio cultural aconsellan buscar a forma de abrir o museo a estas novas realidades.

A Fundación Antonio Fraguas Fraguas xorde neste marco como unha merecida homenaxe a todos aqueles que loitaron por unha institución, que hoxe se materializa no museo, que fose lugar de encontro dos galegos e centro de conservación e estudo da cultura de Galicia, na idea de que se constituía nun instrumento que permita, mediante a achega de fondos ao Museo do Pobo Galego, cumprir debidamente os seus fins.

Polo exposto, D. Antonio Fraguas Fraguas e o Padroado do Museo do Pobo Galego acordan a creación da Fundación Antonio Fraguas Fraguas, consonte o disposto nesta carta fundacional e nos estatutos que se xuntan, que outorgan en Santiago, segundo as seguintes disposicións:

1. Designar o padroado que rexerá os destinos da fundación segundo a seguinte composición:

Presidente: D. Antonio Fraguas Fraguas, con carácter vitalicio. A presidencia da fundación recaerá sempre na persoa que ocupe a do Padroado do Museo do Pobo Galego.

Vicepresidentes:

Vicepresidente primeiro: Excmo. Sr. Conselleiro de Cultura e Comunicación Social.

Vicepresidente segundo: Excmo. Sr. Alcalde de Santiago de Compostela.

Vicepresidente terceiro: Presidente da Xunta Reitora do Museo do Pobo Galego.

Vogais: dez designados polo Padroado do Museo do Pobo Galego.

Secretario: o do Padroado do Museo do Pobo Galego.

Será Presidente de Honra o Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia.

2. Dotar a fundación cun capital fundacional de 1.230.000 pesetas, libre de cargas, e achegado polos patróns e socios do Museo do Pobo Galego.

3. Aprobar os estatutos da fundación que se unen a esta carta fundacional.

Santiago de Compostela, de 2 agosto de 1999.

ADDENDA Á CARTA FUNDACIONAL

O Padroado da Fundación Antonio Fraguas Fraguas, na sesión celebrada o 28 de decembro do 2016, cos requisitos de quórum necesarios para a súa reunión e para a aprobación de acordos, en canto resulta necesario para o interese desta, co fin de atender mellor o cumprimento dos fins establecidos na acta fundacional, e sen variar no esencial a vontade e as disposicións establecidas polos fundadores,

ACORDARON promover a reforma dos seus estatutos, co fin de fixar un cambio na composición dos vogais elixidos pola Asemblea Xeral da Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego e adaptar o seu articulado aos cambios na normativa aplicable ás fundacións, de acordo coas seguintes disposicións:

Primeira. Modificar a disposición primeira da acta fundacional, que pasa a ter a seguinte redacción:

“1. Designar o padroado que rexerá os destinos da fundación segundo a seguinte composición:

Presidente: D. Antonio Fraguas Fraguas, con carácter vitalicio. A presidencia da fundación recaerá sempre na persoa que ocupe a presidencia da Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego.

Vicepresidentes:

Vicepresidente primeiro: Excmo. Sr. Conselleiro de Cultura e Comunicación Social.

Vicepresidente segundo: Excmo. Sr. Alcalde de Santiago de Compostela.

Vicepresidente terceiro: Vicepresidente primeiro da Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego.

Vogais: un mínimo de seis e un máximo de dez designados pola Asemblea Xeral da Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego.

Secretario: o da Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego.

Será Presidente de Honra o Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia.

Segunda. Aprobar os novos estatutos que se recollen a continuación:

ESTATUTOS DA FUNDACIÓN ANTONIO FRAGUAS

TÍTULO I: DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Denominación e natureza

Ao amparo do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución española e, de acordo co artigo 27.6 do Estatuto de autonomía para Galicia, coa denominación Fundación Antonio Fraguas Fraguas constitúese unha organización de natureza fundacional, de interese xeral galego, instituída sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

Artigo 2. Personalidade e capacidade

A fundación constituída, unha vez inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar e, en consecuencia, pode realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, consonte o establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 3. Réxime

A fundación rexerese pola vontade do fundador expresada nestes estatutos, polas disposicións que estableza o padroado en canto á interpretación e desenvolvemento destes e, en todo caso, pola Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego; polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego; polo Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, e polas demais normas que as desenvolvan ou substitúan.

Así mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións; pola Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado; polo Real decreto 1270/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, así como pola restante normativa que sexa de aplicación.

Artigo 4. Domicilio

O domicilio da fundación establecerase na sede do Museo do Pobo Galego, San Domingos de Bonaval, Santiago de Compostela. O padroado poderá promover o cambio de domicilio, mediante a oportuna modificación estatutaria, coa inmediata comunicación ao Protectorado na forma prevista na lexislación vixente.

Artigo 5. Ámbito de actuación

A fundación desenvolverá as súas actividades no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo de que por necesidades propias dos seus fins teña que realizalas en calquera outro lugar que así o demande.

TÍTULO II: OBXECTO DA FUNDACIÓN

Artigo 6. Fins

A fundación ten por obxecto:

- a) A achega de medios económicos para o funcionamento do Museo do Pobo Galego, como

institución que representa a concreción e a síntese da obra de D. Antonio Fraguas Fraguas e de todos cantos con el loitaron por un centro que recollese a cultura material e espiritual de Galicia, en especial D. Xaquín Lorenzo Fernández, D. Xesús Taboada Chivite, D. Xosé Fernando Filgueira Valverde, D. Ramón Martínez López, D. Antonio Rodríguez Fraiz e D. Ramón Piñeiro López, patróns fundadores desta institución.

b) A defensa, conservación, promoción e divulgación do seu legado material e intelectual a través do apoio ao funcionamento do Museo do Pobo Galego.

O padroado terá plena liberdade para determinar a actividade da fundación, dentro dos seus fins, cara a aqueles obxectivos concretos que, a xuízo deste, sexan os máis axeitados e convenientes en cada momento.

TÍTULO III: REGLAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS

Artigo 7. Destino de rendas e ingresos

1. Á realización dos fins fundacionais deberá destinarse, como mínimo, o oitenta por cento das rendas ou calquera outro ingreso neto, distinto do capital dotacional que, logo da dedución de impostos, obteña a fundación, e o resto debe destinarse a incrementar a dotación fundacional.

2. Os gastos de administración serán asumidos polo Museo do Pobo Galego, polo que a cantidade correspondente de aplicar a porcentaxe máxima autorizada para este fin pola lexislación vixente destinarase a incrementar o capital dotacional da fundación.

Artigo 8. Será beneficiario da fundación o Museo do Pobo Galego e, a través del, a sociedade galega en xeral e, en particular, todos cantos usen as súas instalacións, como visitantes, estudosos ou investigadores.

TÍTULO IV: GOBERNO DA FUNDACIÓN

Artigo 9. Natureza

O padroado é o órgano de goberno, representación e administración da fundación, que executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nestes estatutos.

Artigo 10. Organización do padroado

O padroado contará cun presidente, tres vicepresidentes, un secretario e cun mínimo de 6 e un máximo de 10 vogais. Dentro destes límites, corresponderalle ao padroado determinar o número concreto de vogais.

Os membros do padroado que o sexan por razón do cargo que ocupen poderán delegar a súa asistencia e voto, o que lle han comunicar expresamente á secretaría.

A Presidencia de Honra do padroado confíreselle ao Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia.

O padroado poderá designar os membros de honra que considere necesario entre as persoas ou institucións que, pola súa relevancia e traballo a prol da fundación e da cultura, galega se consideren merecedoras de tal distinción. Estes membros poderán ser consultados nos asuntos relevantes que atinxan a fundación e, en ningún caso, disporán de voto.

Artigo 11. Duración do mandato

Os vogais designados pola Asemblea Xeral da Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego

desempeñarán as súas funcións durante 4 anos, renovaranse por metade cada 2 anos e poderán ou non seren reelixidos.

Artigo 12. Aceptación do cargo de patrón e substitución

Os patróns entrarán a exercer as súas funcións despois de que acepten o cargo expresamente. Esta aceptación poderá facerse constar no outorgamento da carta fundacional, nun documento público independente ou mediante unha certificación do padroado, coas sinaturas do secretario e do presidente, e farase constar no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

De producirse unha vacante, no prazo máximo de 6 meses o padroado poderá designar unha persoa para ocupala.

Artigo 13. Cesamento de patróns

1. O cesamento dos patróns da fundación producirase nos supostos seguintes: por morte ou declaración de falecemento, así como por extinción da persoa xurídica; por renuncia, que debe ser comunicada coas debidas formalidades; por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido na lei; por cesamento no cargo en razón do cal foron nomeados membros do padroado; por resolución xudicial; polo transcurso do período do seu mandato, se foron nomeados por un determinado tempo e, ademais, por actuación manifestamente contraria aos intereses e aos fins da fundación.

2. A renuncia farase efectiva desde que se lle notifique ao Protectorado e deberá facerse na forma prevista para a aceptación do cargo de patrón.

3. A apertura dun expediente interno ou dun procedemento xudicial que poida conducir ao cesamento dun membro do padroado producirá a suspensión cautelar, en tanto non se resolva o procedemento en cuestión.

Artigo 14. Do presidente

Ao presidente correspóndelle convocar as reunións do padroado, presidilas, dirixir os seus debates e, se é o caso, executar os acordos, para o que poderá realizar toda clase de actos e asinar aqueles documentos necesarios para tal fin.

O Presidente de Honra poderá asistir ás reunións ordinarias ou extraordinarias do padroado, e copresidirá co presidente a reunión. Terá voz, pero non voto.

Artigo 15. Dos vicepresidentes

Corresponderalles aos vicepresidentes realizar as funcións do presidente no caso de estar vacante o posto por ausencia ou enfermidade, e poderán actuar tamén en representación da fundación naqueles supostos en que así se determine por acordo do padroado. A orde de substitución é a ordinal da vicepresidencia que ocupan.

En todo caso, corresponderalle ao vicepresidente terceiro a dirección da xestión e as funcións administrativas da fundación.

Artigo 16. Do secretario

Son funcións do secretario a custodia da documentación pertencente á fundación, redactar as actas correspondentes ás reunións do padroado, expedir as certificacións e os informes que sexan necesarios e todas aquelas que expresamente se lle deleguen. Nos casos de enfermidade, ausencia ou vacante, fará as funcións de secretario o vogal de menor idade do padroado.

Artigo 17. Facultades do padroado

Correspóndelle ao padroado o goberno, a representación e a administración da fundación, así como a

modificación destes estatutos, nos termos establecidos na lexislación vixente.

Con independencia das funcións que lle outorgan os presentes estatutos, e sen prexuízo de solicitar, se é o caso, as preceptivas autorizacións do Protectorado, a título meramente enunciativo, entre outras, correspóndelle ao Padroado:

- a) Aprobar o orzamento de ingresos e gastos.
- b) Elaborar o inventario-balance, a memoria de actividades e a liquidación dos orzamentos.
- c) Nomear os membros de honra da fundación.

O órgano de goberno poderá delegar as súas facultades nun ou máis dun dos seus membros e nomear apoderados xerais ou especiais con funcións e responsabilidades mancomunadas ou solidarias. Non son delegables a aprobación das contas, a formulación de orzamentos, o alleamento e o gravame dos bens inmobles, das obras de arte e dos bens patrimoniais histórico-artísticos e documentais, así como os valores mobiliarios non cotizados en bolsa, nin calquera outro acto que precise a autorización ou a aprobación do Protectorado.

Artigo 18. Reunións do padroado e convocatoria

O padroado reunirse, polo menos, dúas veces ao ano e tantas veces como sexa preciso para a boa marcha da fundación. Correspóndelle ao presidente convocar as reunións deste.

A convocatoria faráselle chegar a cada un dos membros, como mínimo, con dez días de antelación á data da súa celebración, e utilizarase un medio que permita deixar constancia da súa recepción. Nesta farase constar o lugar, o día e a hora en que terá lugar a reunión e acompañarase, aí mesmo, a orde do día.

Non será precisa convocatoria previa cando se encontren presentes todos os patróns e acorden por unanimidade que se realice a reunión.

Artigo 19. Forma de deliberar e tomar acordos

As reunións do padroado entenderanse validamente constituídas cando concorran nelas, presentes ou representados na forma indicada na forma legalmente establecida, polo menos a metade máis un dos seus membros.

Os acordos adoptaranse por maioría absoluta de asistentes e, en caso de empate, será dirimente o voto do seu presidente.

Será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes sempre que, ademais, supoña a maioría absoluta do número dos seus membros, para adoptar os acordos nos que así se estableza expresamente na normativa das fundacións de interese galego.

Das reunións do padroado o secretario redactará a correspondente acta, que deberá ser subscrita e aprobada por todos os membros presentes nestas. A devandita acta transcribírase ao correspondente libro e será asinada polo secretario, co visto e prace do presidente.

Artigo 20. Obrigas do padroado

Na súa actuación, o padroado deberá axustarse ao preceptuado na lexislación vixente e á vontade do fundador manifestada nestes estatutos.

Correspóndelle ao padroado cumprir os fins fundacionais e administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación, e ha manter plenamente o rendemento e a utilidade destes.

O padroado dará información suficiente dos fins e actividades da fundación para que sexan coñecidos polos seus eventuais beneficiarios e demais interesados.

Artigo 21. Obrigas e responsabilidades dos patróns

Son obrigas dos patróns, entre outras, facer que se cumpran os fins da fundación, concorrer ás reunións ás que sexan convocados, desempeñar o cargo coa dilixencia dun representante leal, manter en bo estado de

conservación e produción os bens e valores da fundación e cumprir nas súas actuacións co determinado nas disposicións legais vixentes e nestes estatutos.

Os patróns responderán fronte á fundación polos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou aos estatutos ou polos realizados negligentemente. Quedarán exentos de responsabilidade os quen se opoñan expresamente ao acordo determinante desta ou que non participen na súa adopción.

Artigo 22. Gratuidade dos cargos

Os patróns exercerán o seu cargo gratuitamente sen que en ningún caso poidan percibir retribución ningunha polo desempeño da súa función.

Os patróns terán dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificados que lles ocasione o desempeño da súa función.

TÍTULO V: RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 23. Patrimonio fundacional

O capital da fundación estará integrado por todos os bens e dereitos susceptibles de valoración económica que constitúen a dotación inicial da fundación e por aqueles que, no sucesivo, se acheguen a ela con ese carácter.

Uns e outros deberán figurar a nome da fundación e constar no seu inventario e no rexistro de fundacións. Os que sexan susceptibles de inscrición, inscribíranse nos rexistros correspondentes.

Artigo 24. Constitución do patrimonio

O patrimonio da fundación pode estar constituído por toda clase de bens e dereitos. A súa adquisición, administración e disposición correspóndelles aos seus órganos de goberno.

Artigo 25. Adscrición do patrimonio fundacional

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados dunha maneira directa e inmediata ao cumprimento dos fins que persegue a fundación.

Artigo 26. Do financiamento

Para o desenvolvemento das súas actividades, a fundación financiarase cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e, se é o caso, con aqueles procedentes das axudas, subvencións, herdanzas, legados ou doazóns que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas, e que non sexan efectuadas polo outorgante en concepto de capital dotacional.

A fundación poderá percibir cantidades derivadas de actividades e servizos directamente prestados por ela aos seus beneficiarios, na forma e cos requisitos establecidos na lexislación aplicable. As cantidades que excepcionalmente poida percibir a fundación do conxunto dos seus beneficiarios non poderán exceder do custo real do servizo ou da prestación, sen marxe comercial de ningunha clase.

Artigo 27. Réxime financeiro

Na xestión económico-financieira, a fundación rexeráse polos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

A fundación levará aqueles libros que sexan convenientes para a boa orde e desenvolvemento das súas actividades, así como para o axeitado control da súa contabilidade. En todo caso, será necesario formular e levar os seguintes libros e documentación:

- a) Inventario-balance

- b) Memoria
- c) Orzamento e a súa liquidación
- d) Libro diario
- e) Libro de actas

Artigo 28. Confección de orzamentos, rendición de contas e memoria social de actividades

Confeccionarase o orzamento correspondente ao ano seguinte, no que se recollerán, con claridade, os ingresos e os gastos. Este deberá ser aprobado polo padroado e ha de remitirse ao Protectorado, xunto cunha memoria explicativa, nos tres últimos meses do ano anterior.

Un exemplar do inventario-balance, a memoria anual e a liquidación do orzamento do ano precedente serán enviados anualmente ao Protectorado, dentro do prazo dos seis meses seguintes á data de peche do exercicio, acompañados da certificación expresiva de que todos eles son un fiel reflexo da contabilidade.

TÍTULO VI: DA MODIFICACIÓN, AGREGACIÓN OU EXTINCIÓN

Artigo 29. Modificación dos estatutos

1. Por acordo do padroado, estes estatutos poderán ser modificados, sempre que resulte conveniente aos intereses da fundación e se cumpran os requisitos previstos na lexislación vixente.
2. A modificación ou a nova redacción dos estatutos acordada polo padroado comunicaráse ao Protectorado.

Artigo 30. Fusión con outra fundación

O padroado poderá propoñerlle ao Protectorado a fusión da fundación con outra, logo do acordo concertado para o efecto con esta última.

O acordo de fusión esixirá o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos.

Artigo 31. Extinción da fundación

A fundación extinguirase polas causas e de acordo cos procedementos establecidos na normativa vixente.

Artigo 32. Liquidación e adxudicación do patrimonio

En caso de extinción, os bens entregaranse na súa totalidade ao Museo do Pobo Galego. De non existir este como tal entidade con personalidade xurídica propia, daráselles o destino que o padroado determine, de acordo co establecido na lexislación vixente.

CLÁUSULA ADICIONAL

En todo caso, o previsto nestes estatutos non implica limitación ou substitución nas competencias que lle atribúe a lexislación vixente ao Protectorado, e moi especialmente en relación coas autorizacións ou limitacións ás que expresamente se somete a fundación.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2016